

PERDOMO E TOURIÑÁN EN DIRECTO

CORENTENA



TEXTOS **Xosé A. Touriñán e David Perdomo**
ACTORES **Xosé A. Touriñán e David Perdomo**
DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN **Javi Lopa e Álvaro Pérez Becerra**
XEFA DE PRODUCCIÓN **Laura Canto**
PRODUCCIÓN EN XIRA **Laura Sixto e Miguel Vázquez**
DISTRIBUCIÓN **Carlos Abal**
IMAXE GRÁFICA **Saúl Rivas e Laura Mahía**
ARTE **Tania Villaga**
WEB **Pilar Mera**
COMUNICACIÓN **Saúl Rivas**
PÁXINA WEB **Pilar Mera**
FOTOGRAFÍA **Aigi Boga**
VÍDEO **Jairo Iglesias**
TÉCNICOS **Gonzalo Porteiro e CEGA**
ADMINISTRACIÓN **Elisa Martínez e Sofía García**

corentena.gal

ola@aine.gal 881 946 972



SINOPSE

Durante os meses de confinamento en 2020, David Perdomo e Xosé A. Touriñán comezaron a conversar en directo a través de Instagram.

Naquelas noites, improvisaban diferentes personaxes e interactuaban cos espectadores que se conectaban a estes vídeos en directo. Agora, e baixo o título de 'Corentena', dan o salto aos escenarios nun formato no que Touriñán e Perdomo pretenden pasalo tan ben ou mellor que o público trasladando aos teatros a frescura daquelas noites de comedia.

En 'Corentena', os dous cómicos rescatan algúns dos personaxes recorrentes daqueles directos, recreando de xeito artesanal os efectos e filtros cos que se caracterizaban, e tamén nacen novas historias nun espectáculo no que a improvisación e a complicidade co público son as protagonistas.

O ESPECTÁCULO

Cada función de *Corentena* é un espectáculo en si mesmo. Baixo unhas premisas básicas -como os personaxes recorrentes- Touriñán e Perdomo botan man da improvisación para crear escenas únicas. Durante aproximadamente noventa minutos, os dous cómicos sacan a escena diferentes e disparatadas conversas entre personaxes xa case míticos como Eduardo, Javi, Paco, as señoras, o servizo ao cliente...

Sobre o escenario, David Perdomo e Xosé A. Touriñán son unha das parellas con mellor química da comedia galega. Saen a divertirse cada noite e iso é algo que se contaxia con facilidade ao público. A improvisación mestúrase con diferentes rutinas e a implicación do público no devir do espectáculo.

Corentena naceu daquelas conversas que eles dous mantiñan en directo a través de Instagram durante o confinamento de 2020. Logo, os dous cómicos adaptárona para representala en directo en pequenas salas. As entradas para eses recintos duraban escasas horas á venda, o que levou o show ao seguinte nivel, facelo para case 2.000 persoas no festival Castelo Conta. No outono de 2023, *Corentena* deu o salto aos teatros e iniciou unha xira por toda Galicia que esgotou as entradas para todas as datas programadas, facendo ata catro funcións completas en Narón e A Coruña.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Corentena é un espectáculo pensado para público adulto. É un show de no que a improvisación e a espontaneidade son parte fundamental e no que cada día acontece algo diferente..



DO DIXITAL Á ESCENA

TOURIÑÁN E PERDOMO CREARON UN SHOW NUN MOMENTO DE ESPECIAL NECESIDADE DE HUMOR

A pandemia da Covid-19 trouxo situacións nunca antes vividas e levou a todo o mundo a adaptarse a unhas circunstancias extraordinarias. Moitas persoas tiveron que familiarizarse co teletraballo, podemos dicir que é o que fixeron tamén Perdomo e Touriñán.

Todos os xoves pola noite, @touri e @davidperdomo conectábanse en directo a través de Instagram e durante unha hora -tempo máximo que permitía a rede social para esta suncionalidade- conversaban e improvisaban personaxes e situacións mentres interactuaban cos milleiros de usuarios que se unían á festa.

Estas conversas naceron co afán de entreter e de que, polo menos durante unha hora ao día, a xente puidera pensar noutra cousa que non fora a pandemia. A iniciativa resultou un éxito absoluto, congregando máis espectadores que algúns progrmas da televisión e creando unha nova lexión de seguidores da parella, que viña de participar en *Catro Gatos* na Televisión de Galicia.

Unha vez reanudadas as funcións nos teatros e a actividade no audiovisual, Perdomo e Touriñán seguiron cos proxectos que cada un tiña en marcha, pero a idea de volver facer este espectáculo quedou pendente. Así, no 2023 retomaron os personaxes que construíran durante aquelas noites cos elementos de atrezzo que tiñan pola casa e déronlle forma a *Corentena*. Experimentando co formato en salas pequenas e logo ante o gran público no Castelo Conta, o show pasou das pantallas aos teatros, xogando, iso si, con aqueles vestiarios improvisados e cos filtros que a aplicación de Instagram permitía para as conversas.

O resultado non puido ser mellor, Perdomo e Touriñán encheron todas as funcións de *Corentena* e van camiño de marcar un novo récord de público para as artes escénicas galegas.





...AN EN DIRECTO
...TENA

C

C



O EQUIPO

Xosé A. Touriñán

TEXTOS E INTERPRETACIÓN



Actor, produtor e director, Touriñán é un dos cómicos máis recoñecidos do país. Comezou a súa carreira na Televisión de Galicia onde gañou moita popularidade coas súas aparicións en diferentes espazos como *Luar*, *Padre Casares*, *Air Galicia*, *Land Rober* ou *Era Visto!* e chegando a ter o seu propio programa, *Tourilandia*.

Fóra da Televisión de Galicia, destacan os seus papeis en *Fariña*, *El desorden que dejas*, *Justo antes de Cristo*, *Antes de perder*, *Pequeñas Coincidencias* ou *Sin límites*.

A comedia sempre foi o seu sinal de identidade, nos teatros representou exitosos monólogos e espectáculos como *Manolo Lojo*, *Monólogo do imbécil*, *Amigos ata a morte*, *Curtis & Teixeira*, *Agora en serio*, *Somos Criminales*, *Unha noite na praia*, *Somos Criminales 3*, *Recortes* ou *Corentena*.

Nos últimos anos produciu e interpretou *Fariña*, o espectáculo teatral co que acadou a cifra de 70.000 espectadores. No 2022 tamén leva a cabo a produción de *Nena*, a súa primeira curtametraxe como director na que ademais interpreta un dos roles protagonistas.

Tamén é o director e impulsor do festival Castelo Conta.

David Perdomo

TEXTOS E INTERPRETACIÓN



David é músico, actor e guionista. Formouse na escola Casa Hamlet da Coruña e logo con lendas da comedia como Leo Bassi. Participou en diferentes programas da Televisión de Galicia como *Land Rober*, *Catros Gatos* ou *Malicia Noticias* e en *No le digas a mamá que salgo en la tele* ou *La noche D* en Televisión Española.

Como cómico saltou á fama cos seus personaxes que retrataban os diferentes estereotipos da Coruña e nos seus monólogos directos e sen concesións.

O seu estilo salvaxe, directo e imprevisible converteuno nun dos cómicos máis persoais de Galicia. Xunto con Touriñán forma unha dos parellas cómicas máis sólidas dos últimos anos en Galicia.



Ainé

PRODUCCIÓN

Ainé leva anos atraendo públicos aos teatros galegos a través de diferentes producións e formatos. Con *Fariña*, acadamos un éxito enorme, tanto de crítica como de público, fóra e dentro da comunidade galega. En tres anos de xira, o espectáculo acumulou máis de 80.000 espectadores, enchendo teatros como o Colón da Coruña en máis de 8 ocasións. Con montaxes como *Somos Criminais*, *Fariña*, *Somos Criminais 3*, *Continente María* ou *Recortes, caneos e outras formas de driblar* conseguíronse récords de billeteira, acumulando preto de 250.000 espectadores. Unha circunstancia que nos permite aproveitar a experiencia adquirida e as ferramentas desenvoltas nestes últimos anos para dotar aos teatros dunha audiencia masiva e interesada na creación escénica.

Nos últimos anos, a produtora acostuma a xirar anualmente con 3 ou catro espectáculos simultaneamente, dous deles de gran formato. Complementa tamén o seu traballo coa distribución de actuacións de pequenos shows de comedia e a produción do festival Castelo Conta, un dos festivais máis singulares de Galicia, que verán tras verán achega preto de 10.000 espectadores á pequena parroquei de Castelo, en Culleredo.

Os espectáculos producidos por Ainé adoitan xirar por toda Galicia, obtendo unha gran resposta por parte do público que vén dada, non só, pola calidade das propostas, senón tamén polo esforzo en promoción, comunicación e análise de públicos que a produtora leva desenvolvendo nos últimos anos.

Con *Fariña*, Ainé abriu unha nova vía producindo espectáculos de gran formato que teñan público máis aló das nosas fronteiras e, desde entón, ten representado espectáculos por toda España, estado en carteleira de grandes teatros de Madrid durante meses e viaxado a Francia e América Latina.

Con *Corentena* Ainé continúa a súa aposta por crear espectáculos de comedia para amplos públicos e cunha produción coidada e adaptable aos grandes espazos teatrais galegos.



CORENTENA.GAL

UNHA PRODUCCIÓN DE



CO PATROCINIO DE

